

CIRCULAR 3

ELECCIÓNS DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS, OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR

De acordo coa convocatoria do día tres do mes en curso, o próximo **martes, día 19**, en horario de **17:00 a 19:00 horas**, celebrarase neste centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumando no Consello Escolar do Colexio. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederase da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto

a) O voto será directo, secreto e non delegable

b) Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.

c) Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabético de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz un máximo de **un** nome dos candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do DNI ou documento similar.

d) Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

3º.- Candidaturas

- Juan Luis Gómez Vázquez (pai dun neno escolarizado en 3º de EP)
- Rubén Lagares López (pai dunha nena escolarizada e 4º de EP)
- Verónica Ruiz Canda (nai dunha nena escolarizada en 4 anos)



4º.- Onde votar?

Na planta baixa do centro, acceso por conserxería.

A dirección deste colexio anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a participar na votación do próximo **martes, 19 de novembro**, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

En Narón, 13 de novembro de 2024

Directora

María del Carmen Loureiro Rodríguez